



CONVENIO LUGO CULTURAL ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, O CONCELLO DE LUGO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na Cidade de Lugo a de de 2018.-

REUNIDOS

Dunha parte, o Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, Presidente da Excma. Deputación provincial de Lugo que actúa en nome e representación da entidade local, de acordo co disposto no art. 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, con enderezo na Rúa San Marcos s/n, Lugo.

Doutra, Dona Carmen Basadre Vázquez, Tenente de Alcalde e responsable da área de cultura, xuventude e promoción da lingua do Concello de Lugo, que actúa segundo as atribucións que lle confire o decreto da Alcaldía número 13008312 e a lei 27/2013, reguladora de bases de réxime local no seu artigo 124.4ª), en representación do Excmo. Concello de Lugo, con sede social na Praza Maior número 1 de Lugo.

E, doutra, D. Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela segundo nomeamento efectuado polo Decreto 57/2018, de 31 de maio (DOG de 5 de xuño), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, e do artigo 82 do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A e sede social no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, CP 15782 de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

1.-Que a USC, no Campus de Lugo, vén organizando nos últimos anos una serie de actividades baixo a denominación LUGO CULTURAL, que resultan de grande interese para a cidade. Para a realización das mesmas, tradicionalmente vén contando coas colaboracións da Deputación e do Concello de Lugo. A programación de Lugo Cultural está destinada á creación, experimentación e investigación dentro da cultura, tendo como destinatarios principais os estudantes universitarios, fomentando a súa interrelación coa Cidade de Lugo e ampliando a oferta cultural organizada tanto por parte do Concello como da Deputación para a cidade. Enténdese que estas actividades complementan as atribuídas as entidades locais na LBRL 7/ 85 de 2 de abril

2.- A axenda de Lugo Cultural 2018 inclúe actividades de índole musical, teatral, danza, fotografía, cine , performance e letras, segundo o borrador de programa que se acompaña como ANEXO ao presente convenio.

3.- Que sendo de interese para as partes a actividade antes citada, as partes acordan a colaboración para a súa efectiva realización pola USC de conformidade coas seguintes:

BASES



Primeira.- A finalidade deste convenio é a regular a colaboración das tres entidades asinantes na promoción e organización na cidade de actividades musicais, teatrais e cinematográficas, exposicións e demais accións culturais durante o ano 20187, na que a súa programación e execución terá lugar a través do programa denominado LUGO CULTURAL.

Segunda.- A Deputación de Lugo e o Concello de Lugo contribuirán, cada unha delas, cunha aportación de vinte mil euros (20.000 euros), que entregarán a USC para esta finalidade con cargo á partida 3300048900 do vixente presuposto municipal e con cargo á partida 3340.48900 do presuposto provincial.

A USC organizará as actividades nas que se desenvolve o programa Lugo cultural para o que dispón dunha dotación orzamentaria de 20.000 euros que destinará á citada actividade.

Durante o período de vixencia do presente convenio, a USC comprométese a facilitar ás outras partes un número de publicacións, e no seu caso, de entradas e invitacións para as actividades obxecto do convenio, que será determinado pola comisión de seguimento

Terceira.- A política cultural pola que se ten que guiar este convenio, o seguimento, interpretación e maila resolución amigable das discrepancias na súa execución, será levada a termo por unha comisión formada por un representante de cada unha das entidades do acordo.

Correspóndelle a esta comisión as seguintes funcións:

1. Proporlles ás entidades outorgantes a aprobación das actividades concretas obxecto da colaboración pactada no presente convenio e, no caso de que sexan aprobadas, facer o oportuno seguimento delas para conseguir o seu axeitado cumprimento. No caso de que sobreveña calquera modificación allea á vontade das entidades outorgantes que afecte a algunha actividade xa aprobada, a comisión paritaria informará e fará a correspondente proposta ás devanditas entidades outorgantes, ás cales corresponderá a aprobación ou non aprobación da modificación.

2. Aprobar, ó remate do exercicio, a memoria de actividades que será presentada pola USC ás outras dúas entidades, na que se resuma a actividade levada a cabo, acompañada da documentación xustificativa (material divulgativo editado, resumo de prensa, documentación gráfica, número de asistentes), así como a memoria económica que a USC presentará ás outras entidades acompañada da documentación xustificativa (fotocopias de facturas e certificación de gastos executados efectivamente, vinculados directamente á financiación do programa de actividades que se desenvolva).

3.- Clarexar as dúbidas e controversias que xurdan na execución do presente convenio.

Cuarta.- Calquera tema derivado da organización dos actos e do desenvolvemento do contido deste convenio, resolverase conxuntamente entre as tres partes que o subscriben.

Quinta.- Calquera manifestación pública derivada das actividades deste convenio realizarase coa presenza e protagonismo conxunto das partes.

Sexta.- Na publicidade que se encargue para anunciar os actos organizados figurarán os logotipos institucionais das partes, así como a lenda da súa colaboración.



A USC comprométese a xestionar e a difundir as actividades que organice e realice en cumprimento do presente convenio informando, en todos os casos, ás outras partes asinantes das accións que se leven a cabo neste ámbito e *cumprindo as obrigas establecidas no artigo 11 da ordenanza Xeral Municipal de Subvencións*.

Sétima.-

Unha vez finalizada a acción ou comportamento, a entidade beneficiaria da axuda deberá xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 31 de marzo de 2019. De transcorrer o prazo indicado sen ter presentada a documentación xustificativa, requirirase ao beneficiario para que a achegue no prazo improrrogable de quince días. O incumprimento deste prazo adicional dará lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións e demais normativa de aplicación.

Cando concorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso de execución, tales como a tramitación necesaria para a aprobación da conta xustificativa achegada polo beneficiario e para o aboamento do importe da subvención, mediante a subscripción deste convenio, as partes asinantes, acordan a continuación e finalización das devanditas actuacións en curso, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun ano, salvo casos excepcionais que deberán ser debidamente motivados, de transcorrer ese prazo deberá realizarse a liquidación das mesmas.

As aportacións recibida ó abeiro deste convenio son compatibles con calesquera outras axudas ou subvencións para a mesma actividade, públicas ou privadas, sempre que a contía total recibida non supere o custo total da actividade.

Non se contemplan pagos anticipados nen abonos a conta

O pagamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa, efectuarase mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola Entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu pagamento no caso de que a Entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e/ou fronte á Seguridade Social e/ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro. O incumprimento destas condicións será causa de perda da axuda concedida por incumprimento das obrigas do beneficiario, de conformidade co sinalado nos artigos 14, 18.4 e concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Oitava.-

Esta subvención como técnica de intervención administrativa, forma parte da actividade de fomento e ten por obxecto promover a realización dunha actuación de interese público, que entra dentro do ámbito das competencias atribuídas tanto á Deputación de Lugo como ao Concello de Lugo.

Segundo o establecido no artigo 36.1 LBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas, nos diferentes sectores da acción pública e en todo caso, entre outras a que se menciona no apartado d) do devandito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo,



reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

O obxecto desta subvención que outorgará o Concello de Lugo recolle as actividades que complementan atribuídas ao Concello de Lugo na promoción da cultura e equipamentos culturais segundo recolle no artigo 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Novena. Serán gastos subvencionables os derivados das actividades propias da organización do proxecto, de acordo coa documentación presentada como poden ser: nóminas, desprazamentos, aloxamentos, manutención, material cultural, publicidade e calquera outro gasto relacionado co obxecto estricto da subvención.

Non serán subvencionadas as dietas xenéricas nas que non se xustifique axeitadamente á vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención, o material inventariable, as celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalados nos artigos 29 da lei Xeral de Subvencións e 27 da Lei de Subvencións de Galicia.

Concedida a subvención, e para proceder ó seu cobro, os beneficiarios deberán presentar a seguinte documentación acreditativa da realización do programa:

- Solicitud debidamente cuberta.
- Memoria explicativa e detallada da realización da totalidade do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos. Deberán acompañar, no seu caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, vídeos, CD-ROM, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada.
- Memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterá:

- Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento. Debe constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade.

No caso de relacionarse nóminas deben vir detallados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pagamento das facturas que se lle imputen á Deputación de Lugo e o Concello de Lugo.

- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico, mercantil ou con eficacia administrativa incorporadas na relación a que se fai referencia o parágrafo anterior ata, como mínimo, o importe da subvención concedida. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen poderán ser orixinais ou fotocopias compulsadas: No caso de ser orixinais poderán ser devoltos ao beneficiario da subvención se así se solicita unha vez seladas polo



órgano xestor, mentres que no caso de que os documentos acreditativos dos gastos presentados sexan fotocopias compulsadas o beneficiario deberá presentar unha certificación da Secretaria Xeral da USC de que tales gastos foron realizados con cargo ás subvencións outorgadas pola Excm. Deputación Provincial de Lugo e polo Concello de Lugo.

- Certificación expedida polo Secretario/a da USC acreditando:
 - O custo total da actividade subvencionada soportado pola USC, indicando os importes do financiamento (debendo constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).
 - Que a relación dos gastos da actividade subvencionada atópase executado, e as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
 - Que a acción ou comportamento obxecto da subvención, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.
- Declaración responsable na que se indique e xustifique a causa das desviacións, que de ser o caso, tiveran lugar entre o presuposto estimado e o gasto efectivamente xustifico.
- Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.
- Declaración responsable na que se faga constar que a USC non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
- Declaración responsable na que a USC poña de manifesto que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á seguridade social.
- Declaración responsable de que a USC asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

(En todas as declaracións deberá constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).

Décima.-

O presente convenio perfecciónase pola prestación do consentimento das partes.

A vixencia do convenio durará ata a aprobación da súa xustificación e comezará no momento da súa sinatura, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2018, aínda que en calquera momento e antes da finalización deste prazo os asinantes poderán acordar unanimemente a prórroga do convenio, por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.



O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera haber lugar, e das obrigas que como contadante incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo unánime entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva.

Undécima.-

De acordo co establecido no artigo 48.7 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, LRXSP este convenio cumpre co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 xullo, que aproba o seu regulamento e na normativa autonómica de desenvolvemento, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerese ademais de polo disposto no mesmo, polas normas de dereito administrativo que directamente ou por analogía puidesen resultar de aplicación. En particular, resulta aplicable o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo e do Excmo. Concello de Lugo, nas Bases de execución do orzamento xeral da Excm. Deputación Provincial de Lugo e do Excmo. Concello de Lugo vixentes, e no Plan estratéxico de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo e do Excmo. Concello de Lugo (PES para o ano 2017 – 2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Provincial de data 23 de xuño de 2017, e IV PES do EXCMO. CONCELLO DE LUGO 2016-2019, aprobado por acordo da XGL nº 15/617 de 11 de outubro de 2017).

A xurisdición contencioso – administrativa será a competente para resolver todas as cuestións litixiosas que poidan xurdir.

E, en proba de canto precede, asíñase o presente convenio no lugar e data sinalados.

Pola Deputación de Lugo, O Presidente, - Dario Campos Conde -

Polo Concello de Lugo, A Tenente de Alcalde, -Carmen Basadre Vázquez-

Pola Universidade, O Reitor –Antonio López Díaz-



ANEXO 1

AXENDA DE ACTIVIDADES DE LUGO CULTURAL 2018

- Músicas a carón da Mosqueira 2018/Na calzada /Noite na Domus
- Lubicán 2018- Lubican Intimo- Xoves de Moda
- Benvida 2018
- 10Sonscreativos
- XXIV Festival de Teatro Universitario
- III Fin de curta
- XIII Curso de Primavera
- Compañía de Teatro do Campus de Lugo- Montaxe e xira obra teatral WK
- XVI Encontro de Danza Contemporánea
- XXIV Maratón Fotográfico do Campus Terra